

## Memoria de Muller nas Aldeas de Boiro será presentado ao público o domingo 7 de marzo

### Seis mulleres das aldeas de Boiro participaron nesta iniciativa do Centro de Dinamización boirense

**En Boiro, a 3 de marzo de 2010.** A Rede de Dinamización da Sociedade da Información, en colaboración co concello de Boiro, anuncia a presentación pública da iniciativa *Memoria de Muller nas Aldeas de Boiro* o próximo domingo 7 de marzo, coincidindo co día da Muller, ás 19 horas no Salón de Actos do Centro Social boirense sito no primeiro andar. Posteriormente á presentación celebrárase un baile ao que todos os veciños e veciñas de Boiro están convidados.

O proxecto **Memoria de Muller**, impulsado pola Rede de Dinamización da Sociedade da Información, naceu para propiciar un achegamento das mulleres maiores de 50 anos ás Novas Tecnoloxías, á Sociedade da Información e amosarlles a súa utilidade, reducindo deste xeito a fenda dixital que se fai máis evidente neste colectivo que constitúen as mulleres, sobre todo, do rural.

Asemade, Memoria de Muller pretende producir unha recuperación da memoria histórica, persoal, social e/ou cultural de cada concello a través dos relatos persoais das mulleres participantes, que se revelarán como auténticas artífices e protagonistas de todo o proceso. As seis protagonistas destas historias servíronse das Novas Tecnoloxías para relatar pasaxes da súa vivencia recollidas da memoria.

Para acadar estes obxectivos, as mulleres elaboraron seis vídeos con fotografías e imaxes delas mesmas, ás que engadiron a narración da súa propia historia persoal, desde unha perspectiva de xénero, empregando a súa voz, así como o son e músicas que consideraron axeitadas, todo elo, baixo o asesoramento dos dinamizadores de Boiro, Natalia Alcalde e Samuel Rodríguez. O resultado deste traballo pode verse na web [www.memoriademuller.eu](http://www.memoriademuller.eu). As protagonistas e as súas historias son:

- M<sup>a</sup> Carmen con "*Retorno da emigración*"
- Amalia con "*Unha vida no campo*"
- Consuelo con "*Unha costureira de aldea*"
- Emilia con "*A taberna de Moimenta*"
- Isolina con "*De labradora a taberneira*"
- M<sup>a</sup> Victoria con "*Da costura á conserva*"

Todas elas, son mulleres das diferentes aldeas de Boiro e o domingo, 7 de marzo, presentaranse estes vídeos, coa fin de facerlle un pequeno homenaxe e agradecerlles que compartisen os recunchos da súa memoria.

Memoria de Muller das aldeas de Boiro foi presentado ao II Concurso de Mayores cON Iniciativa Galicia 2009, donde resultou finalista dun total de 16 iniciativas presentadas.

A **Rede de Dinamización**, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, enmarcada no **PEGS** (Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información) é unha das estratexias fundamentais para a inclusión na Sociedade da Información. A Rede ten entre os seus principais obxectivos titorizar a cidadanía con maiores dificultades e proporcionarlles os medios e ferramentas necesarios para poder formar parte activa da S. I. A RDSI conta con 45 dinamizadores e dinamizadoras espallados pola xeografía galega en diversos Centros de Dinamización, nos que se desenvolven charlas, obradoiros e cursos de alfabetización dixital, entre outros, adaptados ás

necesidades de diferentes colectivos sociais como son mulleres, persoas maiores, persoas con discapacidade, xuventude, asociacións e empresas.

Para solicitar **máis información** sobre as actividades poden dirixirse ao CDSI de Boiro, sito no Centro Social, 2º andar, chamar ao teléfono 981.842.635 ou mandar un correo electrónico aos enderezos:

[natalia.rianxo@dinamiza.fundacioncalidade.org/](mailto:natalia.rianxo@dinamiza.fundacioncalidade.org) [samuel.boiro@dinamiza.fundacioncalidade.org](mailto:samuel.boiro@dinamiza.fundacioncalidade.org)

Contacto: Natalia Alcalde Regenjo e Samuel Rodríguez Lado;

Dinamizadores da Sociedade da Información.

Para máis información sobre o proxecto pódese acudir ao portal web da Rede de Dinamización da Sociedade da Información: [www.redededinamizacion.eu](http://www.redededinamizacion.eu) e [www.memoriademuller.eu](http://www.memoriademuller.eu)